

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de outubro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día oito de outubro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1155).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1156).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “X MARCHA CICLISTA A NAVIA” O 12 DE OUTUBRO DE 2015. EXPTE. 14409/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

A entidade Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia con CIF (G-36648608), solicitou o día 24-09-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150121412) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: X MARCHA CICLISTA A NAVIA
- Data: 12 de outubro de 2015

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o luns 12 de outubro de 2015 ás 11.00horas e rematará ás 13.00h, a carreira percorrerá polas seguintes rúas: saída da rúa Teixugueiras (Praza Principal), rúa Ulfas, Pedraseixa, Limpiños, Teixugueiras, Ulfas, Pedraseixa, e a segunda etapa, Padre Seixa, Xuncal, San Paio de Navia, rúa do Río, Av. Samil, Av. Europa, rúa Bravo, rúa Pereiras, rúa Lourido, rúa Bravo e remate na Asociación veciñal de Navia,

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia con CIF ((G-36648608), a organizar a X MARCHA CICLISTA A NAVIA, esta carreira comenará o luns 12 de outubro de 2015, ás 11.00h e rematará ás 13.00h, percorrendo as rúas: (saída)Teixugueiras (Praza Principal), rúa Ulfas, Pedraseixa, Limpiños, Teixugueiras, Ulfas, Pedra Seixa, e a segunda etapa, Padre Seixa, Xuncal, San Paio de Navia, rúa do Río, Av. Samil, Av. Europa, rúa Bravo, rúa Pereiras, rúa Lourido, rúa Bravo e remate na Asociación veciñal de Navia.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1157).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “PROGRAMA BICI RUTAS 2015” OS DÍAS 11 E 25 DE OUTUBRO E 8 E 22 DE NOVIEMBRE DE 2015. EXPTE. 14415/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*A entidade Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885), solicitou o día .24-09-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150121475) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: BICI RUTAS VIGO 2015*
- *Datas: 11 e 25 de outubro - 8 e 22 de novembro*
- *Horario:*
  - *Inicio e fin evento:10.30 h a 13.00h*

*¡O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente o programa BICI RUTAS VIGO 2015, esta edición esta composta por 4 paseos que se levarán a cabo o 11 de outubro. Porta do Sol, Elduayen, Paso Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pza América, Castelao Rúa Porriño, Padre Seixas, Florida, Pablo Iglesias, rúa dos Olímpicos, rúa Citroen , Alcalde Portanet, Castrelos, Prado Vello, Baixada Pontillón, Isaac Diaz Pardo, Regueiro, Gran Vía, Tarragona, Pintor Colmeiro, Hispanidade, Amor Ruibal. Atalaia, Cronista Alvarez Blazquez, Paseo Rosalia de Castro, Paseo dos Cedros, Camelias, Falperra, Romil. Elduayen, Porta do Sol e 25 outubro.. Calvario(Urzáiz), Aragón, Avda Aeroporto, Cantabria, Pouleira, Cño Poulo, Cño Pedroso Cño Praixal de arriba, Camiño Traida das Augas, San Vicente de Trasmaño, Regreso, Cño Traida de Augas, Praixal de arriba, Pedrosa, Poulo, Pouleira, Cantabria, avda Aeroporto. Rúa Aragón, Calvario(Urzáiz). 8 de novembro de 2015, Porta do Sol, Paseo Elduayen. Paseo de Alfonso XII , Pi y Margall, Santa Marta, Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Rúa Santo Cristo. Igrexia de Bouzas, Paseo de Bouzas (ida e volta), paseo Paza Andrade, Rúa de Roade, Avenida de Atlántida, Avenida de Samil. rúa de Canido Rúa Arquitecto Gómez Román. Rúa Arquitecto Cominges , Arquitecto Gómez Román, Rúa de Canido, Avenida de Samil. Avda Atlántida, Rúa de Roade, Paseo Paz Andrade, Igrexia de Bouzas Parque Eduardo Cabello, Beiramar Rúa Canovas del Castillo, Carral, Marqués de Valladares, Reconquista e Porta do Sol, e 22 de novembro de 2015, Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón. Sanjurjo Badía, Avda. Galicia, Parque da Rioux, Cño da Chumba, Baixada Roteas, Cño Real, Baixada Rios, Avda. Marina Española, Etea, Paseo Praia da Guia , Dr. Corbal, Avda. D.Fermina, Pedro Alvarado , Cño Maceiras, rúa Devesa de Santa Tegra, avda. Guixar, Xulián Estévez, García Barbón , Policarpo Sanz, Porta do Sol.*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

**2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a*

motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués con CIF (G-36650885) xunto coa Concellería de Deportes a organizar os vindeiros días 11 e 25 de outubro e 8 e 22 de novembro de 2015, o programa BICI RUTAS 2015 e que terán o seguinte percorrido: 11 de outubro, Porta do Sol, Elduayen, Paso Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pza América, Castelao Rua Porriño, Padre Seixas, Florida, Pablo Iglesias, rúa dos Olímpicos, rúa Citroen, Alcalde Portanet, Castrelos, Prado Vello, Baixada Pontillón, Isaac Díaz Pardo, Regueiro, Gran Vía, Tarragona, Pintor Colmeiro, Hispanidade, Amor Ruibal, Atalaia, Cronista Alvarez Blazquez, Paseo Rosalía de Castro, Paseo dos Cedros, Camelias, Falperra, Romil, Elduayen, Porta do Sol; 25 outubro, Calvario (Urzáiz), Aragón, Avda Aeroporto, Cantabria, Pouleira, Cño Poulo, Cño Pedroso Cño Praixal de arriba, Camiño Traidada das Augas, San Vicente de Trasmaño, Regreso, Cño Traidada de Augas, Praixal de arriba, Pedrosa, Poulo, Pouleira, Cantabria, avda Aeroporto, Rúa Aragón, Calvario (Urzáiz), as rutas comenzarán ás 10.30 horas e rematarán ás 13.00h; 8 de novembro de 2015, Porta do Sol, Paseo Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, Santa Marta, Beiramar, Parque Eduardo Cabello, Rúa Santo Cristo, Igrexia de Bouzas, Paseo de Bouzas (ida e volta), paseo Paza Andrade, Rúa de Roade, Avenida de Atlántida, Avenida de Samil, rúa de Canido Rúa Arquitecto Gómez Román, Rúa Arquitecto Cominges, Arquitecto Gómez Román, Rúa de Canido, Avenida de Samil, Avda Atlántida, Rúa de Roade, Paseo Paz Andrade, Igrexia de Bouzas Parque Eduardo Cabello, Beiramar Rúa Canovas del Castillo, Carral, Marqués de Valladares, Reconquista e Porta do Sol, e 22 de novembro de 2015, Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón, Sanjurjo Badía, Avda. Galicia, Parque da Riouxa, Cño da Chumba, Baixada Roteas, Cño Real, Baixada Ríos, Avda. Marina Española, Etea, Paseo Praia da Guía, Dr. Corbal, Avda. D. Fermina, Pedro Alvarado, Cño Maceiras, rúa Devesa de Santa Tegra, avda. Guixar, Xulián Estévez, García Barbón, Policarpo Sanz, Porta do Sol. Cada bici ruta terá a súa saída as 10.30 horas e rematará ás 13.00 horas.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1158).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2016, POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE. EXPTE. 6190/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30.09.15 e o informe de fiscalización do 6.10.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 3.10.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

*Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

*Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.*

*Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos de Sector Público.*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.*

## ANTECEDENTES

*Primeiro.- Informe da Xefa do Servizo de Festas sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2016.*

*Segundo.- Resolución da Concelleira de Festas e Turismo de data 22 de setembro de 2015*

*Tercero.- Memoria xustificativa de data 23 de setembro de 2015.*

*Cuarto.- Prego de prescricións técnicas para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2016 por procedemento negociado con publicidade de data 22 de setembro de 2015.*

*Quinto.- Documento contable de retención de crédito por importe de 48.000 €.*

*Sexto: Prego de cláusulas administrativa particulares para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2016 por procedemento negociado con publicidade de data 30 de setembro de 2015.*

*Sétimo: Informe xurídico favorable ao expediente 6190-335 de data 30 de setembro de 2015.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Primeiro: O expediente de contratación de acordo co disposto no artigo 93.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015). A Concelleira da Área de Festas e Turismo en virtude do decreto Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015), autorizou o inicio de este expediente de contratación.*

*Segundo: No expediente constan: Informe da Xefa do Servizo de Festas sobre a necesidade e idoneidade da contratación do deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2016; resolución da Concelleira de Festas e Turismo de data 22 de setembro de 2015; memoria xustificativa de data 23 de setembro de 2015; prego de prescricións técnicas para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2016 por procedemento*

*negociado con publicidade de data 22 de setembro de 2015; Documento contable de retención de crédito por importe de 48.000 €; prego de cláusulas administrativa particulares para a contratación do deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2016 por procedemento negociado con publicidade de data 30 de setembro de 2015; informe xurídico favorable ao expediente 6190-335 de data 30 de setembro de 2015.*

*Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o negociado con publicidade con múltiples criterios de adxudicación. Xustifícase a elección deste procedemento tanto na escaseza de empresas ofertantes como no valor do contrato, estimado en menos de 100.000 euros, tal como dispón o artigo 158.e da LCSP.*

*Cuarto: En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, 8) da LCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, o 24 de outubro, informe favorable ó expediente de contratación.*

*Quinto: No artigo 93.3 da LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente. En resposta á necesidade de crédito, o servizo de Festas solicitou á Intervención Xeral unha retención de crédito polo valor do contrato, polo que se procedeu a unha retención de crédito de 48.000 € que se achega ao expediente.*

*Sexto: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º da LCSP. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.*

*Sétimo: O contrato considérase como de servizos do artigo 10 do Real Decreto Lexislaivo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2016, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 22 de setembro de 2015, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de data 30 de setembro de 2015.*

*2º.- Aprobar o gasto de 48.000 euros (39.669,42 € máis 8.330,58 € en concepto de iva) para a contratación do devandito servizo, dos cales 33.600€ (co iva incluído) se imputarán a partida 3380 2260901 (Cabalgata de Reis) do vixente presuposto de Festas, e 14.400 € (co iva incluído) a mesma partida do presuposto do exercicio 2016.*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.*

### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**5(1159).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PARCIAL DO SECTOR “S-50-R CABO ESTAI NORTE”, INCLUÍDO O ISA. EXPTE. 12629/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 11.09.15, conformado polo xefe de desenvolvemento urbanístico, que di o seguinte:

*Con data 12.11.2010, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu incoar o procedemento para a tramitación e aprobación do Plan Parcial do Sector «S-50-R CABO ESTAI NORTE» do PXOM de Vigo, promovido pola asociación de propietarios constituída no ámbito para o desenvolvemento urbanístico da actuación.*

*O día 18.03.2011, a técnica de medio ambiente emitiu informe favorable a respecto do documento de inicio presentado pola Asociación de Propietarios do Sector «S-50-R CABO ESTAI NORTE», asinado polos arquitectos D. Faustino Mena Mur e D. Leopoldo Arnaiz Eguren e polo Licenciado en Ciencias Ambientais, D. Claudio Pérez López.*

*Obra no expediente 91/403 o informe do Xefe dos Servizos Técnicos de 25.05.2011 sobre a viabilidade funcional das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ámbito e cargas urbanísticas que se recollen, con carácter xeral, para o financiamento das infraestruturas.*

*Con data 31.05.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110079605) o oficio do 11.05.2011 do Xefe do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental, polo que se traslado da Decisión do 11.05.2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre a necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica do Plan Parcial do Sector «S-50-R CABO ESTAI NORTE».*

*O día 31.05.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110079606) o Documento de Referencia aprobado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 23.05.2011.*

*Con data 30.11.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110153697) o informe emitido o 23.11.2011 polo Xefe da Área de Autorizacións e Concesións de Augas de Galicia sobre a capacidade de abastecemento e saneamento, entre outros, do ámbito de referencia.*

*O día 06.09.2012, o Director dos Servizos Técnicos emitiu informe como anexo do informe de viabilidade funcional das infraestruturas necesarias xa emitido e o día 12.03.2013 emitiu novo informe.*

*Con data 12.04.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130041230) o oficio da Directora da Autoridade Portuaria de Vigo do día 09.04.2013, no que comunica que non existe obxección á Avaliación electromagnética do Radio Faro e ao Estudo de Visibilidade da sinalización marítima remitidos, e xunta a copia do informe emitido pola Autoridade Portuaria de Vigo en data 30.08.2010.*

*O día 02.07.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130077591) o oficio do Xefe territorial da Axencia Galega de Infraestruturas polo que subministra información relativa ao proxecto de seguridade viaria da obra de “Modificado nº. 1 da mellora da seguridade viaria da estrada PO-325. Treito: Vigo do P:K:0+000 ao 8+650”.*

*O día 01.08.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130091654) o oficio da Secretaría Xeral Técnica e de Patrimonio da Consellería de Facenda polo que xunta o informe emitido o día 01.07.2013 polo Xefe do servizo de infraestruturas de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas.*

En data 17.10.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130121096) o informe emitido o 15.10.2013 pola Directora da Autoridade Portuaria de Vigo.

Con data 09.12.2013, emitíuse o informe pola Axencia de Infraestruturas de Galicia, notificado o 17.12.2013 (doc. 130149100).

Obran no expediente os informes emitidos o 10.06.2014 polo Xefe de Área de Benestar Social, conformado pola Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar; pola apareladora municipal co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais da Concellería de Educación; do Director deportivo do IMD, conformado polo Concelleiro Delegado de Deportes, do día 17.06.2014 e da Xefa do Servizo de Turismo do 13.06.2014.

O día 12.08.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150105155) o escrito presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Pousa Prado, actuando en representación da Asociación de Propietarios do Sector «S-50-R Cabo Estai Norte», polo que achega o Plan Parcial do ámbito de referencia, datado en xullo de 2015 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Rafael Llano de la Concha e polo arquitecto D. Faustino Mena Mur, como integrantes da empresa NORAI, S.L., constando no Informe de Sostibilidade Ambiental a colaboración da empresa Interurbán, S.A. a través do enxeñeiro de minas, D. Roberto Aya Vidal. Así mesmo, achégase un exemplar en soporte dixital con sinatura electrónica do arquitecto D. Faustino Mena Mur do 12.08.2015.

O 10.09.2015, o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico informou detalladamente o plan especial presentado, concluíndo o seguinte: "Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:

- Cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación. O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.
- O contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística (art 47 e 48 da LOUGA), cumpre tamén os parámetros establecidos na ficha de xestión do ámbito. Cumpre o establecido no PXOM no que atinxe aos planeamentos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable.
- O plan parcial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOM para o sector.
- Cumpre o establecido nas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, Decreto 29/2010 do 4 de marzo.
- Cumpre o establecido na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade e Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e no seu regulamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro.
- Cumpre co establecido no RDLex 2/2008 de 20 de xuño para as actuacións de nova urbanización".

Constan igualmente os informes emitidos pola técnica de medio ambiente e o Xefe de Urbanizacións e Infraestrutura nas materias da súa competencia.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa examinada.

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei de Solo).
- L.8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).



- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.
- L. 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.
- RD 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de Costas.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de Protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.
- RDLex. 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos e da mariña mercante.
- L. 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.
- L. 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
- L. 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.
- L.8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.
- L.10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade.
- D. 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- D.29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica do Plan Parcial do Sector «S-50-R CABO ESTAI NORTE»

O PXOM/08 define un sector de Solo Urbanizable Delimitado, con clave «S-50-R CABO ESTAI NORTE», situado na parroquia de San Miguel de Oia, a desenvolver no 1º cuatrienio, cuxa ordenación detallada remite a un plan parcial de iniciativa privada e fixa como sistema de actuación para o desenvolvemento da xestión urbanística o de compensación.

O ámbito do plan parcial obxecto de informe é o delimitado nos planos 14 da serie 1, de clasificación de solo (escala 1/5.000) e 18-A, 18-B e 19-B da serie 2, de ordenación (escala 1/2000) do PXOM de Vigo e comprende unha superficie de 237.879 m<sup>2</sup> de solo que, tras dos axustes realizados, pasaron a 237.593 m<sup>2</sup>.

O obxectivo recollido na ficha de xestión deste sector contida no PXOM/08 oriéntase cara ao desenvolvemento urbanístico de áreas non desenvolvidas aínda en San Miguel de Oia e á obtención de viais integrados no sistema xeral de comunicacións de 2ª categoría. Fíxase, tamén, un límite máximo do 65% para o uso residencial de 2ª categoría (edificación multifamiliar ou colectiva) e unha reserva mínima de solo apta para a implantación do 50% da edificabilidade residencial adicada a vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

Desta forma a documentación presentada menciona como obxectivos xerais da ordenación os seguintes:

- O cumprimento da ficha de xestión do PXOM
- A adaptación ás determinacións do Plan de Ordenación do Litoral
- O respecto ás servidumes asociadas ao radio Faro de Cabo Estai

E como obxectivos específicos menciónanse:

- Completar a trama urbana xerando espazos de calidade
- Obter novas dotacións e equipamentos que completen os existentes
- Facer unha proposta de tipoloxías edificatorias colectivas de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública, situadas na zona central, xerando unha maior densidade na zona mellor equipada.

Como resultado, o documento presentado arroxa o cadro comparativo que se reflicte no informe do Xefe de Desenvolvemento Urbanístico de data 10.09.2015 e que a seguir se reproduce:

	ORDENACIÓN	FICHA
Superf. delimitada	237.593 m <sup>2</sup>	237.879 m <sup>2</sup>
Sistemas xerais existentes	9.850,53 m <sup>2</sup>	8.376 m <sup>2</sup>
Sistemas locais existentes	5.347 m <sup>2</sup>	4.384 m <sup>2</sup>
Superf. Comp. Aprov. tipo	223.358,47 m <sup>2</sup>	224.156 m <sup>2</sup> .
Índice de edificabilidade bruta	0,430 m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> s	0,430 m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> s
Edificabilidade total	102.164,99 m <sup>2</sup> .c	102.288 m <sup>2</sup> c.
Aproveitamento tipo	0,4574 m <sup>2</sup> cutc/m <sup>2</sup> .*	0,456 m <sup>2</sup> cutc/m <sup>2</sup> s
Residencial libre	50 % (51.082,50 m <sup>2</sup> c)	Máx 50%
Residencial protexida	50% (51.082,50 m <sup>2</sup> c)	Mín.50%
Tipoloxía colectiva	65% ( 66.407m <sup>2</sup> C )	Máx. 65%
Tipoloxía unifamiliar	35% (35,757,75 m <sup>2</sup> c)	Mín. 35%
Uso residencial	100%	100%
Zonas Verdes e E.L.	40.471 m <sup>2</sup>	28.940 m <sup>2</sup>
Equipamentos	10.249 m <sup>2</sup>	10.229 m <sup>2</sup>
Aparcamentos públicos	528 prazas	511 prazas
Andares máximos	4 plantas	4 plantas
Sistema actuación	Compensación	Compensación

Etapa:	1º cuatrienio	1º Cuatrienio
--------	---------------	---------------

A súa natureza é, polo tanto, a dun plan de desenvolvemento previsto no PXOM/08, dos relacionados no artigo 63 da LOUGA, coas finalidades, obxecto e documentación descritos tamén no artigo 65 da LOUGA.

### III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

O Plan Parcial sometido a aprobación inicial, do que o ISA forma parte, está conformado pola documentación que seguidamente se relaciona, datada en xullo de 2015 e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Rafael Llano de la Concha e polo arquitecto D. Faustino Mena Mur, como integrantes da empresa NORAI, S.L., constando no Informe de Sostibilidade Ambiental a colaboración tamén da empresa Interurbán, S.A. reflectíndose a sinatura do enxeñeiro de minas, D. Roberto Aya Vidal:

- Tomo I: Documento I: Memoria Xustificativa; Documento II: Ordenanzas; Documento III: Planos de información e ordenación, Documento IV: Estudo económico-financieiro, Informe de Sostibilidade Económica e Plan de Etapas; Documento V: Relación de propietarios (documento protexido pola Lei de protección de datos).
- Tomo II: Documento VI de Informe de Sostibilidade Ambiental

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informou en data 10.09.2015 o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico, no que conclúe sobre o cumprimento, polo Plan Parcial presentado, da normativa urbanística e sectorial de aplicación. Tamén emitiron informes a técnica de medio ambiente e o Xefe de Urbanización e Infraestruturas. Polo demais, os aspectos económicos do Plan Especial, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas Públicas, deberá ser informado polo Interventor municipal para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

### IV. Tramitación procedimental.

O Plan Parcial que nos ocupa ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/08 dos relacionados no artigo 63 da LOUGA, coas finalidades, obxecto e documentación descritos nos artigos 63 a 65 da LOUGA, polo que, obrando no expediente a Decisión do día 11.05.2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a necesidade de sometemento a Avaliación ambiental estratéxica, a súa tramitación e aprobación axustárase ao procedemento que a seguir se describe:

- Redacción pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do documento de referencia no que se establecerá a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do ISA a elaborar polo promotor, así como as modalidades, amplitude e prazos de información e consulta. Este documento foi aprobado pola dita Secretaría Xeral en data 23.05.2011 e notificado á Administración urbanística o 31.05.2011.
- Aprobación inicial do plan parcial, incluído o ISA, polo órgano competente do Concello e sometemento a información pública e consultas, respectivamente, durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente se notificará individualizadamente a todas as persoas propietarias de terreos afectados, sendo unicamente obrigatoria a notificación as persoas titulares que figuren no catastro. Durante este prazo se recabarán os informes sectoriais que resulten preceptivos. A fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan, que incluírá o ISA, será realizada polo órgano promotor, como mínimo, ás Administracións Públicas sinaladas no Documento de referencia aprobado en Resolución do 10.01.2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto á conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

- *Tras o período de consultas e participación pública, o órgano promotor incluírá no planeamento as modificacións pertinentes, e previamente á aprobación definitiva, remitirá a documentación completa do Plan ao órgano ambiental, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública. Se o promotor presenta a documentación unha vez transcorridos tres anos ou máis dende que reciba o documento de referencia, o órgano ambiental deberá valorar o informe de sostibilidade ambiental e indicar, no seu caso, ao Concello de Vigo a necesidade de elaborar uno novo o sinalar os puntos nos que o informe existente necesite ser modificado.*
- *O órgano ambiental elaborará a memoria ambiental, na que valorará a integración dos criterios de sustentabilidade ambiental e manifestará o seu criterio sobre a avaliación ambiental estratéxica levada a cabo, debendo elaborar o órgano promotor a proposta do Plan Parcial tomando en consideración o ISA, as alegacións formuladas nas consultas e a memoria ambiental. A memoria ambiental terá carácter preceptivo e se terá en conta no plan antes da súa aprobación definitiva. Se transcorra o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que fora comunicado ao órgano promotor, se entenderá aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e se poderá continuar a tramitación do plan.*
- *Aprobación definitiva polo órgano plenario municipal.*

*Polas singularidades do ámbito recabarase, cando menos, o informe sectorial previsto na lexislación de estradas de Galicia, o informe sectorial previsto na lexislación de augas e o informe sectorial previsto no artigo 32.4 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.*

*O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade e seguemento dos efectos na sustentabilidade que dispoña a lexislación de aplicación.*

*Aprobado definitivamente estarase ao disposto nos artigos 92 da LOUGA.*

#### *V. Suspensión de licenzas nas zonas afectadas.*

*De acordo co establecido no artigo 77.2 da LOUGA o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí solo, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos, determinará as áreas afectadas pola suspensión. Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.*

*O ámbito afectado constitúe o delimitado nos planos que conforman o Plan Parcial que se somete a aprobación inicial, singularmente aqueles nos que se reflicte o axuste parcelario levado a cabo no mesmo (Plano de información I02, escala 1/5000). Esta suspensión unicamente operará no caso de que exista contradición entre as novas determinacións e o réxime urbanístico vixente (ex. artigo 120 RPU).*

#### *V.I Órgano competente*

*A competencia para aprobar inicialmente o Plan Parcial do Sector «S-50-R CABO ESTAI NORTE» corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).*

En consecuencia, visto o que antecede e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal, propónse a adopción do seguinte,

«ACORDO

**PRIMEIRO:** *Aprobar inicialmente o Plan Parcial do Sector «S-50-R Cabo Estai Norte», incluído o ISA, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Pousa Prado, actuando en representación da Asociación de Propietarios do Sector «S-50-R Cabo Estai Norte», datado en xullo de 2015 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Rafael Llano de la Concha e polo arquitecto D. Faustino Mena Mur, como integrantes da empresa NORAI, S.L., constando tamén a sinatura no Informe de Sostibilidade Ambiental do enxeñeiro de minas, D. Roberto Aya Vidal, como integrante da empresa Interurbán, S.A.*

**SEGUNDO:** *Abrir un trámite de información pública, participación e consultas polo prazo de dous meses, incluíndo as alternativas refugadas polo plan aprobado inicialmente e as súas avaliacións, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia. Durante este prazo recabaranse os informes sectoriais preceptivos. A fase de consultas sobre o documento de aprobación inicial do Plan Parcial, que incluírá o ISA, realizarase como mínimo e de forma individualizada ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado que se citan no documento de referencia.*

**TERCEIRO:** *Acordar, consonte ao artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación, e que delimitase no Plan Parcial inicialmente aprobado, segundo reflicte o Plano de información I02, escala 1/5000, que será, así mesmo, obxecto da publicación referida no apartado segundo deste acordo.*

**CUARTO:** *Publicar este acordo, xunto cos documentos integrantes do Plan Parcial do Sector «S-50-R Cabo Estai Norte», na web do Concello de Vigo.*

**QUINTO** *Notificar o presente acordo individualmente, na forma prevista nos artigos 58 e 59 da LR-XAP-PAC, a todas as persoas propietarias dos terreos afectados que figuren como titulares no catastro, así como as comunicacións referidas na lexislación reguladora do patrimonio das Administracións Públicas, coa indicación expresa de que ao tratarse dun mero acto de trámite non é susceptible de recurso administrativo.*

*Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.*

Con data 8.10.15, o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo acorda elevar a anterior proposta á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez